

Guía de procedimientos e servizos

IN414D - Axudas urxentes de tipo social (Auxs) para evitar os cortes de subministración eléctrica ás persoas economicamente máis vulnerables

Forma presentación

Presencial

Datos solicitude

Prazo de presentación: 15/01/2016 - 15/11/2016

Prazo de resolución: 1 mes

Sentido do silencio administrativo: Negativo

Documentación

- 1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo de formulario normalizado que se inclúe como anexo II desta orde (só a efectos informativos), que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 5 das bases reguladoras.
- 2. As solicitudes deberán presentarse unicamente por vía electrónica a través do formulario normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, ou ben desde o enlace: <https://axudascortes-subministracion.xunta.gal>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o Documento Nacional de Identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.
- 3. No suposto de que o petionario non teña capacidade técnica ou económica, ou que por outros motivos non teña garantido o acceso e dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos, a súa identificación ou autenticación poderá ser validamente realizada por empregado público, mediante o uso do sistema de sinatura electrónica do que estea dotado, segundo dispón o artigo 14 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, que regula o desenvolvemento da administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades de ela dependentes. A estes efectos, o petionario poderá dirixirse ás oficinas de calquera das catro Xefaturas Territoriais da Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como á Dirección Xeral de Enerxía e Minas para que lle fagan a solicitude.
- 4. A documentación complementaria presentarase electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade do orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de

Galicia e nas entidades dela dependentes.

5. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición dos persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

- Xunto coa solicitude, deberase presentar copia dixitalizada da seguinte documentación:

a. Factura de enerxía eléctrica emitida pola empresa comercializadora non aboada.

b. Aviso de interrupción de subministración de enerxía eléctrica por impago, por parte da compañía eléctrica, segundo a normativa vixente.

c. Certificado ou volante de convivencia/empadroamento onde figuren todas as persoas que conviven no mesmo domicilio.

d. DNI/NIE do solicitante e de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 14 anos, soamente no caso de non autorizar a súa consulta (anexo III).

e. Declaración do IRPF ou certificado de renda emitido pola Axencia Tributaria relativos ao ano 2014, do solicitante (só no caso de denegar expresamente a súa consulta) e do resto dos membros da unidade de convivencia, (só no caso de non autorizar a súa consulta no anexo III).

f. De selo caso, autorización aos funcionarios correspondentes para a presentación electrónica da solicitude e da documentación relativa a esta orde de axudas (anexo IV).

A onde acudir

Se ten algunha dúbida técnica pode poñerse en contacto co servizo de atención cidadá no teléfono 012 ou enviando un correo a 012@xunta.es

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS

Edificios Administrativos San Caetano, s/n
15781
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981957187 / 981545572
Información web: <http://economiaeindustria.xunta.es>

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

XEFATURA TERRITORIAL DE A CORUÑA

R/ Vicente Ferrer, 2
15071
A CORUÑA
Teléfono: 981184901 Fax: 981184790

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO

Ronda da Muralla, 70
27071
LUGO
Teléfono: 982294938 / 982294294 Fax: 982294681
Email: axudas-IN223.cei.lu@xunta.es

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE

Curros Enríquez, 1º - 4º
32003
OURENSE
Teléfono: 988386748 Fax: 988386727
Email: ana.isabel.perez.souto@xunta.es

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

Fernández Ladreda, 43-5º
36003
PONTEVEDRA
Teléfono: 986805240 Fax: 986805247
Email: jose.manuel.estevez.heredia@xunta.es

Obxecto

Esta orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria establece as bases reguladoras, que se xuntan no anexo I, para a concesión de Axudas Urxentes de tipo Social (Auxs), en réxime de concorrencia non competitiva, para evitar os cortes de subministración eléctrica ás persoas economicamente máis vulnerables, na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Así mesmo, por medio desta orde, convócanse as devanditas subvencións para o ano 2016.

Esta orde da Consellería de Economía Emprego e Industria (en adiante CEEI) ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión de Axudas Urxentes de tipo Social (en adiante Auxs), en réxime de concorrencia non competitiva, para o pagamento da factura eléctrica ás persoas economicamente máis vulnerables, e deste xeito, asegurar a este colectivo o acceso continuado á subministración de enerxía eléctrica na Comunidade Autónoma de Galicia.

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva

Actuacións, gastos subvencionables e contía das axudas

1. Os gastos subvencionables serán o 100 % do importe das facturas de electricidade (IVE incluído) emitidas, con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2016, por unha comercializadora de electricidade correspondentes á vivenda habitual, con un límite máximo de 2 facturas/ano no caso de facturación mensual e de 1 factura/ano no caso de facturación bimensual, con un importe máximo de 200 /ano por solicitante en ambos casos.

Serán subvencionables todos os conceptos incluídos na factura, admitindo as facturas unificadas.

2. O importe da subvención regulada nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións das distintas administracións ou calquera dos seus entes público ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total do gasto subvencionable.

Beneficiarios

Poderán solicitar esta axuda as persoas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia cuxos ingresos totais da unidade de convivencia non superen o IPREM (6.390,13 /ano) e que teñan aviso de interrupcións de subministración eléctrica por non pagamento, segundo a normativa vixente, ou ben esta interrupción xa se producira, pola mesma causa.

Requisitos

1. Ser residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Que os ingresos totais da unidade de convivencia non superen o IPREM (6.390,13 /ano). A estes efectos, considérase unidade de convivencia o conxunto de todas as persoas que viven no mesmo domicilio. A determinación dos membros da unidade de convivencia realizarase atendendo á situación existente no momento da solicitude. A renda da unidade de convivencia obterase por agregación das rendas do exercicio fiscal 2014 de cada un dos membros que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Os membros da unidade de convivencia que presentasen declaración do imposto sobre a renda no 2014, para os efectos do cálculo da renda sumarán os recadros 366 (base imponible xeral) e 374 (base imponible do aforro) da declaración. No caso de non presentar declaración, teranse en conta os ingresos de todos os membros da unidade de convivencia durante o exercicio 2014.
3. Ser o titular do contrato de subministración eléctrica.
4. Dispor de aviso de interrupción de subministración da enerxía eléctrica, por non pagamento, segundo a normativa vixente.
5. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 do xuño, de subvencións.

Normativa

AUTONÓMICA

ORDE do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas urxentes de tipo social (Auxs) para evitar os cortes de subministración eléctrica ás persoas economicamente máis vulnerables, en réxime de concorrencia non competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 na Comunidade Autónoma de Galicia

Acceda a este e a outros procedementos relacionados a través da guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia en <https://sede.xunta.es/guia-de-procedementos-e-servizos>